

DISCURSO SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

HOMENAXE A CABANILLAS NO SEU 50º CABODANO

DECLARACIÓN DE MONDARIZ-BALNEARIO

–DATA: 09/11/09

–HORA: 12:30 h

–LUGAR: salón de plenos do concello de Mondariz-Balneario

Amigas e amigos, moi bos días a todos.

“O galego é a lingua propia dos Concellos de Galicia”. Este é o lema que hoxe nos une aos aquí presentes e que nos serve de marco inmellorable para recordar a Ramón Cabanillas no aniversario do seu pasamento, acontecido tal día coma hoxe no ano 1959.

Herdeiro privilexiado da tradición decimonónica e renovador da poesía galega no século XX, Ramón Cabanillas foi erixido como un dos estandartes das Irmandades da Fala e cualificado por estes homes como “Poeta da raza”. Lois Porteiro Garea, no acto fundacional da Irmandade de Amigos da Fala de Compostela, referíase a nel nestes termos:

“Cabanillas é o cardíaco que ven a remover (supricando, mallando, escarnecendo) a nosa apatía, a espertarnos do sono mortal”.

Cincuenta anos despois da súa morte, o poeta de Cambados volve “remover” a nosa vontade para impulsarnos a continuar o seu traballo a

prol da normalización do galego nas actividades da Administración local, unha empresa que o escritor e galeguista levou a cabo durante diferentes épocas da súa vida nas que traballou nos concellos aquí representados polos seus alcaldes e alcaldesas.

O lema que hoxe serve de marco desta homenaxe a Cabanillas recuperámolo do espírito que guiou, hai xa vinte e cinco anos, a *Declaración do Hostal*, asinada por 187 alcaldes en Compostela no mes de maio de 1984. Aquela declaración, que foi ratificada o pasado 10 de xullo en Compostela aproveitando o seu vixésimo quinto aniversario, posibilitou a posterior incorporación da lingua galega á Administración e contribuíu a devolverlle tanto a súa condición de lingua de prestixio como a de idioma oficial de Galicia.

Coa sinatura de hoxe da *Declaración de Mondariz-Balneario*, os rexedores dos concellos nos que traballou Cabanillas honran o seu labor a prol do galego e ratifican a vontade da Administración local de impulsar a lingua propia de Galicia. hoxe, polo tanto, recollemos aquela testemuña para continuar o proceso de normalización e dinamización lingüística iniciado nas últimas décadas e para converter o lema do galego como lingua propia dos concellos nun verdadeiro principio de acción na Administración local.

Porque, un acto tan importante coma o de hoxe, non pode quedar só nun lema nin en simples palabras. “*Verba volant, scripta manent*”, dicía Caio Titus ao senado romano. Por iso nós temos a palabra e a súa escrita, nesta *Declaración de Mondariz-Balneario*, e o que é máis importante, temos a vontade de traballar para que a lingua propia de Galicia, da nosa terra,

sexa incorporada de forma plena e efectiva a tódolos ámbitos da vida local.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística que dirixo tamén quere sumarse a este acto non só con palabras, senón con feitos. Feitos tan importantes como o que supón posibilitar que, por vez primeira, a Administración local poida traballar man a man coa Xunta para darlle un novo pulo á presenza do galego no ámbito municipal. Fomentaremos a nosa lingua a través dunha acción coordinada, aproveitando os recursos desenvolvidos durante as últimas décadas nos concellos, que son moitos e moi importantes, e compartindo experiencias.

Farémolo a través da primeira rede de dinamización lingüística local que o departamento que dirixo botará a andar, como xa anunciamos, o próximo ano. Unha vez máis, volvo pedir o voso apoio para sacarmos adiante, entre todos, tan importante reto que se nos presenta ao Goberno galego e mais aos concellos para darlle un novo pulo á nosa lingua.

Hoxe, como dicía, homenaxeamos a Ramón Cabanillas no cabodano da súa morte, pero tamén homenaxeamos o papel normalizador que, nestes últimos vinte e cinco anos, vides desempeñando as corporacións municipais. Hoxe, este acto convértese nunha declaración do compromiso dos concellos e do Goberno galego, pola parte que me toca na súa representación, para traballar pola nosa lingua, pola súa normalización e a súa dinamización, para convertela na lingua vehicular dos seus servizos públicos e para que os poderes políticos e os traballadores da Administración asuman de xeito voluntario e convencido a lingua propia

da nosa terra nas súas actividades. Porque o galego é, como recolle a Lei de normalización lingüística no artigo 4 do Título 2, a lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

Para darlle este novo pulo ao fomento do galego, axeitado ao século XXI no que vivimos, precisamos do consenso político pero, sobre todo, do consenso social. E nese sentido, estou convencido de que existe unha relación de afectividade co galego que é maioritaria na sociedade galega e desde as administracións debemos coidar que non se perda, para potenciala e convertela nun uso real e activo.

Como responsable do departamento de Política Lingüística da Xunta de Galicia, e tamén como galego, quero rematar estas breves palabras trasladándolles os meus máis sinceros agradecementos aos concellos de Cambados, Cuntis, Dozón, Meis, Moaña, Mos, Redondela, Silleda e Mondariz-Balneario, así como ás entidades organizadoras, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e a Irmandade Xurídica Galega, polo compromiso inestimable co fomento da lingua galega e por homenaxear un persoeiro como Cabanillas que traballou arreo polo noso idioma.

Anímovos a todos a conservar os importantes avances acadados para a lingua galega nestas últimas décadas e a desenvolvermos xuntos o traballo que aínda queda por facer.

Moitas grazas